



# ÚLTIMAS INTERVENCIÓNS NA ANTIGA IGREXA DE SAN XOÁN DE PENA, A EIREXE, LUGO

Roberto Bartolomé Abreira<sup>1</sup> / Adrián Gómez López

## Introdución

Durante os anos 2022 e 2023 executamos dúas intervencións arqueolóxicas<sup>2</sup> na antiga igrexa de San Xoán de Pena, promovidas pola Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O xacemento arqueolóxico de Adro Vello sitúase nunha pequena terraza a media ladeira sobre a vertente esquerda do río Miño, preto do núcleo da Eirexe, parroquia de San Xoán de Pena, concello de Lugo (fig. 1). As súas coordenadas UTM de referencia (ETRS89, FUSO 29) son X: 620957 – Y: 4758200. Os terreos nos que se asenta teñen a referencia catastral 27900A537001310000WQ, propiedade da diocese de Lugo.

<sup>1</sup> Engobe Arqueología. Investigador pre-doc Universidade de Vigo. Grupo GEAT.

<sup>2</sup> Bartolomé Abreira, R.: *-Informe-Memoria Técnica da "Limpeza, documentación e sondaxes valorativas no xacemento arqueolóxico de Adro Vello, San Xoán da Pena (Lugo), presentado no rexistro electrónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 2 de novembro de 2022. Informe-Memoria Técnica da "Escavación arqueolóxica e consolidación do xacemento arqueolóxico de Adro Vello, San Xoán da Pena (Lugo). Campaña 2023", presentado no rexistro electrónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 29 de novembro de 2023.*

A finca, antes da nosa primeira intervención no ano 2022, atopábase en total estado de abandono e con vexetación típica de bosque de ribeira (amieiros e carballos), así como fieitos e silvas (figs. 2 e 3), polo que resultaba difícil facer unha valoración dos restos existentes; só se podían apreciar en superficie os restos dun gran muro de cachotería de lousa (fig. 4). Asemade, existía unha gran cantidade de pequenas moreas de terra e pedras, cubertas de vexetación, procedentes do derrubamento ou de escavacións realizadas no lugar anos atrás.



Fig. 1. Vista aérea coa situación (punto vermello) da zona de intervención, na beira do río Miño, ao sueste da cidade de Lugo. Tomada de Google Earth Pro.



Fig. 2. Zona de intervención, onde se localizan os restos da igrexa abandonada, cuberto todo de vexetación abundante. Antes do inicio da intervención do 2022.



Fig. 3. Zona cos restos da antiga igrexa no ano 2022, antes da nosa primeira intervención.



Fig. 4. Restos da igrexa, antes do inicio dos traballos do ano 2022.

Neste sitio levouse a cabo unha serie de intervencións nos anos 70 do século XX baixo a dirección de D. Ricardo López Pacho (1979, pp.1221-1228) (fig. 5), profesor dos Maristas de Lugo, ao abeiro do concurso de RTVE "Misión Rescate", o cal deu como resultado o achado dos restos dunha ábsida con planta de ferradura de 1,70 metros de diámetro escavada na rocha. Tamén se atoparon ladrillos; pezas escultóricas de granito e mármore, entre as cales destacan dous capiteis de follas de acanto, un deles en mármore (fig. 7), unha base e un modillón (figs. 8 e 36); outras pezas de mármore (figs. 9 e 10); e restos de pinturas (fig. 11). Estes elementos atópanse depositados na actualidade no Museo Provincial de Lugo e no Museo Diocesano, así como tamén aproveitados de novo na igrexa de San Xoán de Pena ou depositados nas súas dependencias.



Fig. 5. Antiga fotografía da intervención de "Misión Rescate" dos anos 70 no lugar. Imaxe facilitada por D. Adrián Gómez López.

Segundo os poucos datos que se posúen actualmente, considérase que neste lugar se atopaba a antiga igrexa parroquial de San Xoán de Pena, trasladada no ano 1872 ao seu actual emprazamento.

Esta igrexa de *Sancti Iohannis de Pena* aparece mencionada en documentación antiga da catedral de Lugo, como por exemplo nos anos 1119 e 1129 (López e Vidán, 2011, pp. 251-253), así como nos anos 1200 e 1228 (Rielo, 1983, p.100); aparece tamén publicada unha planta (Rielo, 1983, p. 101) da igrexa vella (fig. 6) e outra da igrexa nova, xa do século XIX, cando se trasladou para esa nova localización, e sen interese arquitectónico.

Os descubrimentos realizados na década dos anos 70 do século XX e os vestixios procedentes deste lugar xa eran indicativos da existencia dunha primitiva igrexa, probablemente prerrománica, que nos estaba a falar do proceso de poboamento e culto entre a antigüidade tardía e a alta Idade Media no territorio lucense.




Fig. 6. Planta da igrexa vella de San Xoán de Pena, tomada de Rielo Carballo, 1983, p.101.



Fig. 7. Capitel de mármore reutilizado como pía de auga bendita na actual igrexa parroquial.



Fig. 8. Canzorro ou modillón depositado na actual igrexa parroquial.





Fig. 9. Anverso e reverso da peza de mármore procedente de San Xoán de Pena depositada no Museo Provincial de Lugo.



Fig. 11. Restos de pinturas murais depositadas na actual igrexa de San Xoán de Pena.



Fig. 10. Peza marmórea actualmente custodiada na actual igrexa de San Xoán.

## Obxectivos

Os obxectivos fundamentais da primeira intervención levada a cabo no ano 2022 foron a realización dos traballos previos de documentación, con baleirado documental e bibliográfico sobre a antiga igrexa; traballos de roza e limpeza, baixo control arqueolóxico, dos muros e interior da capela e a súa contorna inmediata coa finalidade de deixar libre o sitio de maleza e de posibles vertedoiros incontrolados (a superficie total da actuación de limpeza foi de aproximadamente uns 700 m<sup>2</sup> e a súa finalidade foi deixar limpo este sitio histórico para a súa correcta identificación e documentación); e a prospección arqueolóxica do xacemento arqueolóxico e a súa contorna inmediata de cara a localizar posibles novos sitios ou elementos históricos relacionados con esta capela, que foron sinalados de cara ao seu posterior inventario. Fixéronse igualmente traballos de conservación puntual (realización dunha diagnose do estado de conservación e dos procesos de alteración das estruturas localizadas, realización de peque-

---

nos traballos de conservación e consolidación puntual dos muros da capela que requiriron dun tratamento inmediato para garantir a súa estabilidade e conservación e elaboración dunha proposta de consolidación e restauración como ruína da antiga igrexa de San Xoán da Pena), levantamento topográfico mediante fotogrametría 3D da edificación e a súa contorna inmediata, e a realización dunha sondaxe arqueolóxica valorativa no chan do espazo interior da capela, nunha superficie aproximada de 8 m<sup>2</sup>, así como diferentes accións de difusión da actuación realizada e a realización da memoria técnica da intervención, na que se recolleron todos os traballos realizados así como os seus resultados.

Os resultados máis destacados desta intervención foron a localización da planta practicamente completa da antiga igrexa de San Xoán da Pena, unha ábsida escavada na rocha con planta de ferradura (figs. 19-21 e 32) dunha fase anterior, e tamén a presenza no seu interior de tumbas.

Tendo en conta todos estes datos, ademais dos valores históricos e arqueolóxicos que posúe o xacemento arqueolóxico de Adro Vello, en San Xoán de Pena (Lugo), a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural considerou necesario continuar no ano 2023 cunha segunda intervención, neste caso unha serie de traballos que continuaron coa liña do ano anterior, como a limpeza e roza baixo control arqueolóxico de toda a parcela onde se atopa o xacemento con medios manuais e mecánicos (rozadoiras de man e motoserras), e a limpeza especializada dos muros e do interior da antiga igrexa con ferramentas que non danasen o soporte. Nos alzados e na parte superior dos muros retirouse toda a maleza existente; tamén se cortaron as árbores que estaban a provocar danos estruturais á edificación, e retiráronse e secáronse as súas cachopas.

Ademais destes traballos de mantemento do xacemento, proxectouse a escavación con metodoloxía arqueolóxica dunha área duns 50 m<sup>2</sup> coa finalidade de deixar á vista a planta completa e chegar no seu interior ata o posible pavimento da última fase de uso da igrexa ou ao nivel de tumbas, de ser o caso.

Outra das tarefas realizadas foi o levantamento topográfico con xeorradar mediante fotogrametría 3D da área de actuación e do debuxo arqueolóxico das estruturas exhumadas (fig. 21-22), rexistrado no sistema de referencia de coordenadas ETRS89 coa proxección UTM no fuso 29 (código EPSG 25829).

Foi tamén outra das tarefas encargadas por parte da Dirección Xeral de Patrimonio a documentación exhaustiva fotográfica da escavación arqueolóxica, inclusive a realización de vídeo e fotografía aérea con tomas xerais do xacemento e de detalle dos seus elementos máis significativos e da área de actuación, coa diagnose, a consolidación puntual e o acondicionamento das estruturas arqueolóxicas. Garantíronse en todo caso unhas condicións de conservación axeitadas para a súa visita (reforzando algún paramento con recheos, drenaxes, selado de xuntas e a limpeza e consolidación de lucidos). A consolidación fíxose seguindo criterios de máximo respecto ao orixinal: mínima intervención, reversibilidade e uso de materiais compatibles.

Finalmente, actualizouse o panel interpretativo do xacemento arqueolóxico coa incorporación dos resultados da campaña 2023 (fig. 22) e realizáronse diversas accións de difusión da actuación executada, con charlas e visitas ao xacemento.

## Metodoloxía

Desenvolveuse nas seguintes fases:

### Fase de documentación previa

Realizada durante a fase de formulación e previa ao inicio da actuación. Os traballos estiveron abocados á recompilación dos datos bibliográficos existentes relativos á zona, así como a consulta da documentación de arquivos. Durante esta fase, realizouse tamén un labor de recompilación cartográfica, fundamental tanto de cara ao traballo de campo como de gabinete.

### Fase de traballo de campo

As actuacións arqueolóxicas desenvolvidas de cara a unha mellor identificación e documentación do xacemento co fin de ampliar os datos e o coñecemento para unha máis completa investigación arqueolóxica e uso como ben patrimonial. Ponse en valor o xacemento para unha mellora da contorna inmediata e o seu posterior desfrute polos veciños e visitantes á zona, así como a súa comunicación co paseo fluvial do río Miño, aos pés do xacemento. Estas actuacións foron as seguintes:

— Limpeza. Traballos de roza e limpeza (figs. 12-13), baixo control arqueolóxico, dos muros, do interior da igrexa e da súa contorna inmediata coa finalidade de deixar libre o sitio de maleza e de posibles vertedoiros incontrolados, e facilitar o acceso e desfrute dos visitantes ao lugar. Esta roza e limpeza da contorna da capela consistiu fundamentalmente en eliminar as especies de monte baixo (fentos, silvas, xestas, toxos...). Respectáronse as árbores frondosas autóctonas que existen no lugar (castiñeiros, carballos...) e outras especies vexetais protexidas, agás as que incidían negativamente sobre os restos. En todo caso, levouse a cabo unha poda e rareado das árbores existentes cuxas pólas incidían de maneira negativa sobre o xacemento arqueolóxico. A realización destes traballos de roza e limpeza fíxose con medios manuais e mecánicos (roza-doiras de man e motoserres), valorando as condicións de cada área para non alterar ningún aspecto do sitio histórico e sempre baixo control arqueolóxico.

— As acumulacións de pedras, maioritariamente lousas, procedentes das derrubas e escavacións pasadas quedaron no mesmo lugar onde se fixo o aprovisionamento durante a intervención do ano 2022, co fin de que poidan ser empregadas nas posibles tarefas de restauración posteriores.



Fig. 12. Traballos de roza no xacemento.



Fig. 13. Vista aérea da intervención despois dos traballos de roza e limpeza de vexetación e previa aos traballos de limpeza superficial na primeira intervención no ano 2022.

— Limpeza dos muros e do interior da igrexa (fig. 14), empregando ferramentas que non danasen o soporte e sen utilizar produtos químicos. Nos alzados e na parte superior dos muros da capela retirouse toda a maleza existente e tamén se cortaron as árbores que provocaban danos estruturais á edificación; na medida do posible, retiráronse e secáronse as súas cachopas. Esta limpeza especializada foi realizada baixo control arqueolóxico e dirixida en todo momento por un técnico competente en restauración e conservación.



Fig. 14. Vista aérea co inicio dos traballos de limpeza e escavación na campaña do 2022.

— Escavación arqueolóxica e retirada dos depósitos e derrubas interiores da igrexa co fin de localizar, na medida do posible, o pavimento de lousas da súa última fase de uso no século XIX, así como a traza completa dos muros do perímetro do edificio (figs. 15-18), a cal non foi posible na última intervención no muro norte nin na esquina noroeste que o delimita, ao estar cuberto non só polas propias derrubas dos muros senón tamén polas terreiras da escavación dos anos 70 do



pasado século XX. Esta fase de retirada e escavación destes depósitos tivo como fin obter unha imaxe o máis limpa posible do edificio no seu último momento de uso, ademais de obter unha vista clara e limpa para unha boa diagnose e posta en valor dos restos conservados. Deste xeito, en posteriores intervencións poderase actuar noutras zonas e na procura de fases concretas con outro tipo de obxectivos, neste caso o nivel de escavación arqueolóxica e a documentación das fases anteriores da igrexa unha vez o edificio estea perfectamente delimitado e coas estruturas consolidadas.



Fig. 15. Traballos de escavación na zona leste da igrexa, durante a campaña de 2023.



Fig. 16. Traballos de escavación da igrexa, durante a campaña de 2023.



Fig. 17. Traballos de escavación da igrexa, desde a zona oeste, durante a campaña de 2023.



Fig. 18. Traballos de escavación da sondaxe da campaña do 2022 coa aparición das tumbas.

— Documentación dos novos achados do interior da igrexa, como pavimentos, tumbas, muros e demais, mediante levantamento topográfico e fotogrametría 3D coa realización de ortofotografías xeorreferenciadas (figs. 19-20), debuxos a escala (fig. 21), etc.



Fig. 19. Ortofoto coa planta final da intervención do ano 2022.



Fig. 20. Ortofoto coa planta final da intervención do ano 2023, coas tumbas e parte da ábsida tapadas para a súa conservación.




Fig. 21. Debuxo coa planta final da intervención do ano 2023, coas diferentes fases documentadas.

— Actualización do panel informativo coas novas intervencións realizadas (fig. 22).

— Accións de difusión da actuación realizada (charlas, visitas...) e sobre os valores propios do xacemento arqueolóxico entre a comunidade local (fig. 23).



Fig. 22. Deseño do panel informativo colocado no xacemento.



Fig. 23. Imaxe da visita guiada ao xacemento en setembro do 2023.

#### Actuacións puntuais de restauración:

As actuacións de emerxencia realizadas na primeira intervención foron loxicamente insuficientes para garantir a estabilidade total das ruínas, polo que se estimou necesario realizar unha nova intervención de consolidación este ano 2023 que servise, por unha banda, para



---

protexer os restos arqueolóxicos e, por outra, para poñer en valor o xacemento. Todas as tarefas de restauración (figs. 24-27) desenvolvidas en ambas as campañas foron dirixidas pola restauradora Iria López Baltar.

As solucións adoptadas para protexer os vestixios conservados foron:

— Reforzo dos paramentos: esta medida encamiñouse a devolver a estabilidade aos muros que presentan ocos, así como a aqueles tramos que presentaban fiadas que sobresaían de maneira irregular. Estes reforzos realizáronse mediante o recheo con pedras que emulaban o aparello existente.

— Recheos e drenaxes: mediante o aporte de material, realizamos un reforzo dos tramos nos que os alicerces deixaban á vista a zapata de asentamento, ao mesmo tempo que regularizamos o terreo. Estes recheos fixéronse con terra da propia escavación cribada e áridos (xabre), sobre todo naqueles puntos nos que había tendencia ao empozamento, sempre interpoñendo lámina téxtil. Tamén se realizou algunha gabiá co obxectivo de canalizar a auga fóra da área arqueolóxica.

— Selado de xuntas: só cando foi necesario. Realizouse co mesmo morteiro tradicional de xabre nos puntos máis altos das cabeceiras que non precisasen de acrescentado nas superficies horizontais da ábsida ou nos paramentos que si o precisaron.

— Retirada e secado de cepos: foi necesario retirar seis cepos que tiñan incidencia sobre os restos arqueolóxicos.

— Limpeza de lucidos: realizárase a retirada de cepos axudada con cepillos de nailon, espátulas de madeira e bisturí, previa aplicación de biocida tipo amonio cuaternario ao 1% en auga, para asegurar que se mata a cepa.

— Consolidación de lucidos: só cando foi necesario. Realizouse nos que presentaban deformacións e desprendementos, para o que se procedeu a limpar a parte traseira en seco. Despois, inxectouse alcohol para retirar impurezas e finalmente aplicouse nesta zona morteiro tradicional base cal en proporción 1:1 cun 10 % de acetato de polivinilo.



Fig. 24. Traballos de retirada de troncos e raíces existentes dentro da antiga igrexa.



Fig. 25. Traballos de tapado da ábsida e de reforzo dalgún dos muros.



Fig. 26. Traballos de recheo dun muro para evitar a acumulación de auga.



Fig. 27. Traballos de tapado dos restos aparecidos no interior da igrexa.

#### Actividades de restauración

A medida que se realizaban os traballos de escavación, e en coordinación co técnico restaurador, fóronse facendo traballos de diagnose do estado de conservación e dos procesos de alteración das estruturas localizadas, así como, de ser necesario, pequenos traballos de conservación e consolidación puntual dos muros da capela para garantir a súa estabilidade. Seguíronse criterios de máximo respecto ao orixinal: mínima intervención, reversibilidade e uso de materiais compatibles; tamén se garantiron en todo caso unhas condicións de conservación axeitadas para a súa visita (reforzo dos paramentos, recheos, drenaxes, selado de xuntas e limpeza e consolidación de lucidos).

#### Criterios da actuación de restauración

Nas actuacións tivemos en conta os criterios de conservación internacionalmente aceptados expresados nas diversas Cartas do Restauo, no código deontolóxico acordado pola ECCO conxuntamente con todas as asociacións profesionais e, como non, na Lei do patrimonio cultural de Galicia.

O traballo de conservación executado tivo en conta a importancia da diagnose, da utilización de materiais e métodos compatibles, estables e de probada eficiencia, da reversibilidade, da mínima intervención, do respecto polo orixinal, da diferenciación de elementos novos, da prioridade da conservación sobre a restauración e, por suposto, da documentación de todo o proceso.

Ademais tamén se tomaron as seguintes decisións:

— Aplicar por consenso as demandas dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural co fin de chegar á mellor solución posible.

— Acadar o diálogo interdisciplinar no referente á toma de decisións definitivas sobre o deseño de elementos engadidos que poidan ser nocivos ou tomar un protagonismo contundente na interpretación visual do conxunto.



A condición de protección integral do xacemento obxecto do proxecto fixo necesario insistir no relativo aos seguintes puntos:

— Respectáronse as características esenciais do mesmo, sen prexuízo da utilización de materiais actuais para a mellor protección da ruína e a súa conservación preventiva, pero sempre xustificando a súa utilización e aportando as fichas técnicas dos mesmos.

— Evitouse calquera tipo de acción agresiva sobre os soportes orixinais.

#### Fase de traballo de gabinete

Nesta fase realizamos os traballos de gabinete, nos cales se levaron a cabo todos os labores de informatización, procesamento de datos, tratamento dos materiais, xestión e arquivo da maior parte da información procedente dos traballos arqueolóxicos. O procesamento de toda esta información tradúcese na elaboración dos respectivos informes e memorias técnicas<sup>3</sup>, nos que se dá conta dos resultados da intervención arqueolóxica e nos que se inclúe a descrición dos traballos e a documentación gráfica necesaria, para poder avaliar o seu interese e adoptar as medidas oportunas. Recolleuse ademais todo o proceso de traballo seguido de acordo cos obxectivos do proxecto solicitado, describindo e interpretando o rexistro arqueolóxico xerado e os resultados globais da actuación, acompañado todo iso da documentación gráfica necesaria, así como dunha nova proposta de intervención da igrexa de San Xoán de Pena.

3 Bartolomé Abreira, R.: *-Informe-Memoria Técnica da "Limpeza, documentación e sondaxes valorativas no xacemento arqueolóxico de Adro Vello, San Xoán da Pena (Lugo)*, presentado no rexistro electrónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 2 de novembro de 2022. *Informe-Memoria Técnica da "Escavación arqueolóxica e consolidación do xacemento arqueolóxico de Adro Vello, San Xoán da Pena (Lugo). Campaña 2023"*, presentado no rexistro electrónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 29 de novembro de 2023.

## Resultados

Os datos resultantes da análise do rexistro arqueolóxico xerado e documentado durante as dúas intervencións realizadas nos anos 2022 e 2023 permiten establecer as seguintes consideracións desde o punto de vista arqueolóxico:

— Durante os traballos de escavación arqueolóxica e consolidación do xacemento arqueolóxico de Adro Vello, en San Xoán da Pena (Lugo), localizáronse estruturas e restos arqueolóxicos mobles e inmoables en posición primaria.

— Nestas dúas campañas documentamos varios momentos ou fases de uso da igrexa, desde a primeira fase de construción ata o seu momento de abandono e traslado á nova localización.

A teor dos materiais vencellados, así como tamén por mor das fases construtivas documentadas durante as dúas intervencións, identificamos as seguintes fases:

— Época romana (tardo-romana-tardo-antiga): a través dos diferentes e abundantes fragmentos de material de construción, como *tégulas*, ladrillos (*later*) ou *ímbrices*, podemos deducir que nalgún sitio das inmediacións pode existir un xacemento desta época, ou ben que pertencían a unha fase primixenia da igrexa (durante a tardo-antigüidade), na que este tipo de materiais aínda se empregaban. Algúns destes *later* aparecidos en ambas as campañas resultan moi significativos, pois conservan restos de pestana para encaixe nunha das súas partes mellor conservadas, o que nos está a indicar que se pode tratar de ladrillos empregados para arcos ou bóvedas (fig. 28).



Fig. 28. Ladrillos con restos de pestana para encaixe.

A estes materiais habería que engadir-lles os numerosos restos de pinturas murais recollidos (fig. 29). Des-tes restos de pinturas murais, hai varios moi interesantes entre os aparecidos nas dúas campañas, non só por estar pintados moitos deles (con bandas vermellas maiormente), senón tamén porque a algúns se lles aprecia unha certa curvatura que nos pode estar indicando a súa procedencia dun muro circular (ábsida?) ou dun teito (bóveda?).



Fig. 29. Restos de pinturas murais localizados durante as intervencións.

Deste período é máis que posible que proveña unha placa de mármore cos restos dunha inscrición (figs. 30-31) aparecida durante a campaña do 2023 e que, dependendo da súa lectura, podería tratarse dunha peza de datación alto-imperial entre os séculos I e III d. C. ou ben algo máis tardía, xa de época tardo-antiga, en consonancia cos outros elementos líticos, sobre todo os marmóreos procedentes tamén desta vella igrexa.

Esta peza trátase do fragmento dunha placa de mármore duns 16 cm de lonxitude, con 12 cm de anchura e 6 cm de grosor conservados; nunha das súas caras, con forma plana, podemos percibir os restos dunha inscrición onde se poden interpretar, dependendo da orientación que se lle dea á mesma (xa que non é completamente lexible), diferentes lecturas. A primeira destas hipóteses de lectura e interpretación da mesma que temos, no momento actual da investigación, é "[S] AN[C]T[I] IO[HANNIS]" (fig. 30), o cal fai referencia á advocación á que se dedicou dita igrexa (san Xoán). Pola contra, se lle damos a volta (fig. 31) podemos percibir outra hipótese de lectura, sostida tamén polo ca-

todrático de Historia Antiga da Universitat d'Alacant, D. Juan Manuel Abascal Palazón, quen tivo a ocasión de estudala, e na que podemos ler os restos do antropónimo latino "SILIS".




Fig. 30. Fragmento de placa marmórea con inscrición, coa primeira das hipóteses de lectura "[S]AN[C]T[I] IO[HANNIS]".

No momento actual da investigación, e á espera de posibles futuras intervencións que poidan aportar maiores datos e novos restos epigráficos que nos axuden a completar ou cambiar as liñas de investigación, en calquera das dúas hipóteses estamos ante unha inscrición con letras en capital romana sobre unha placa de mármore, soporte lítico non moi empregado nesta zona, se ben estamos ante o mesmo tipo de mármore que o do capital visigótico aparecido neste mesmo lugar e que está actualmente na nova igrexa de San Xoán empregado como pía de auga bendita (fig. 7), así como da peza depositada no Museo Provincial de Lugo (fig. 9) ou doutras aparecidas tamén no propio xacemento (fig. 10).





Fig. 31. Fragmento de placa marmórea con inscrición, coa segunda das hipóteses de lectura "SILIS".

Sobre a orixe e cronoloxía desta peza, aparece na UE053, nun recheo dunha gabia (UE054) de espolio do muro oeste (UE034) da fachada da igrexa, e, polo tanto, nun depósito formado a partir do ano 1872, cando a vella igrexa parroquial foi abandonada e desmantelada en parte para a construción da nova igrexa, xa no seu actual emprazamento; porén, pensamos que puido pertencer a un bloque de maior tamaño que estaría localizado, posiblemente, na fachada da igrexa moi preto da súa porta, polo seu contexto e lugar de aparición. Así a todo, no momento da súa colocación nesta parte da fachada da igrexa xa estaría nunha posición secundaria respecto á da execución orixinal, polo que podería pertencer a unha peza de maior tamaño dun momento primixenio da igrexa, sobre todo se se trata da primeira hipótese de lectura, nesa primeira etapa alto-medieval e coetánea ás outras pezas de mármore de probable datación visigótica (figs. 7 e 9). Pola contra, se se trata da segunda hipótese de lectura, podería ser unha utilización nova e posterior dunha inscrición moito máis antiga, seguramente de datación alto-imperial (entre os séculos I e III), a xulgar pola tipoloxía das súas letras e do antropónimo que se advirte.

— Época tardo-antiga e alto-medieval: ao igual que os materiais destacados para a anterior fase, para esta fase tamén se poderían corresponder os capiteis de mármore e granito procedentes deste lugar, así como outras pezas de mármore que foron aparecendo nas inmediacións e se atopan actualmente depositadas na igrexa nova de San Xoán; aplícase o mesmo para os abundantes restos de pinturas murais aparecidas.



Fig. 32. Vista cenital coa planta final da sondaxe da intervención do ano 2022, onde se aprecia a ábsida escavada na rocha, o burato central UE027 e varias tumbas.

Poderían datarse nesta fase todas estas pezas, xunto á ábsida escavada en planta na rocha natural con forma de ferradura incipiente (figs. 19, 21 e 32), características destes períodos (figs. 33-35) e de edificios semellantes. Esta combinación na construción onde se emprega o material *later* con *tégulas* e ladrillos, posteriormente recubertos con morteiro de cal, con pezas de mármore e granito é tamén frecuente en edificios similares de épocas análogas.

O burato UE027 (figs. 21 e 32), que aparecía escavado na rocha natural con forma circular en planta, no punto central do interior da ábsida, relacionado posiblemente con estas primeiras fases construtivas da igrexa primitiva, formaría parte do altar a modo de encaixe dalgún tipo de estrutura; ao coincidir no centro da ábsida, podería tratarse do oco de soporte do pé de altar, igual que noutros casos documentados en igrexas ou ermidas destes períodos, como por exemplo San Pedro de Tartalés de Cilla, en Burgos (fig. 35).




Fig. 33. Planta da igrexa de San Pedro de Rocas, Ourense. Tomado de Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Historia da arquitectura galega, COAG, 1978, p. 49.




Fig. 34. Sección lonxitudinal e planta da igrexa de San Miguel de Celanova, Ourense. Tomado de Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Historia da arquitectura galega, COAG, 1978, p. 266.




Fig. 35. Planta da igrexa rupestre de San Pedro de Tartalés de Cilla, en Burgos. Segundo L. Alberto Monreal e Jesús M. Monreal, tomado de Monreal Jimeno, L. A.: "Arquitectura religiosa de oquedades en los siglos anteriores al románico", en *VII Semana de Estudios Medievales de Nájera*, 1997, pp. 235-263.

A esta fase tardo-antiga, aínda que non deixa de ser unha mera hipótese, pois a peza apareceu fóra de contexto, podería pertencer tamén a inscrición de mármore con letras capitais que fan alusión ao santo á que está dedicada dita igrexa, segundo unha das teorías de interpretación da súa lectura.

— Época prerrománica-románica: deste momento habería que destacar os canzorros ou modillóns (figs. 8 e 36), algún deles incluso de estilo mozárabe; tamén, apoiando os escasos materiais localizados ata o momento deste período, estarían as fontes escritas que nos falan da igrexa de *Sancti Iohannis de Pena*, mencionada en documentación antiga da catedral de Lugo, como por exemplo nos anos 1119 e 1129 (López e Vi-dán, 2011, pp. 251-253).



Fig. 36. Modillón con decoración de cordas aparecido anos atrás nas inmediacións da igrexa e depositado na actual igrexa de San Xoán da Pena.



— Época baixomedieval-moderna: durante a primeira intervención do ano 2022, a aparición de tumbas (figs. 32, 37, 38 e 46) baixo depósitos do século XIX con materiais cerámicos medievais (fig. 39) sobre elas, así como un numisma deste momento (fig. 40), indican un momento de ocupación ou uso desta igrexa neste período, unido ás fontes documentais onde se reflicte a existencia desta igrexa xa desde tempos anteriores e que se segue mantendo en uso ata os séculos XVIII<sup>4</sup> e XIX, como veremos para a etapa seguinte.



Fig. 37. Detalle de dúas das tumbas documentadas durante a intervención do ano 2022.



Fig. 38. Cravos de ferro das caixas de tumbas de madeira aparecidos na intervención do 2022.



Fig. 39. Fragmentos cerámicos medievais feitos a man aparecidos sobre as tumbas durante a sondaxe do ano 2022.



Fig. 40. *Pepión* medieval-baixomedieval aparecido na sondaxe do ano 2025 sobre as tumbas na zona da ábsida. No anverso: armas de Castela cun A á esquerda e á dereita dous puntos; no reverso: armas de León e á dereita dous puntos. Lenda: ilexible.

4 Informe de 1764 sobre "La Iglesia Parroquial de San Juan de Pena", Archivo Parroquial de San Xoán da Pena, Bispado de Lugo.

Durante a intervención do ano 2023, localizamos igualmente abundante cerámica baixomedieval feita a man, a maioría olas con bordo de pestana e restos de feluxe ao exterior e algunha xerra (fig. 41), así como tamén unha moeda de época moderna, concretamente acuñada no ano 1777 (fig. 42) e unha botella de vidro tamén deste momento (fig. 43).



Fig. 41. Diversos fragmentos de cerámica da fase baixomedieval-moderna aparecidos durante a intervención do ano 2023.



Fig. 42. Moeda de Carlos III achada na intervención do 2023. Moi deteriorada, cunha perforación no centro. Dous maravedís; no anverso podemos observar a cabeza de Carlos III; á súa dereita, un "2"; e, á esquerda, o símbolo da ceca de Segovia. Exergo: 1777. Coa lenda: *CAROLUS. III. D. G. HISP. REX.* No reverso vemos a Cruz de don Pelayo, acompañada de castelos e leóns con escudo dos Borbóns no centro, todo rodeado por unha coroa de loureiro.



Fig. 43. Varios fragmentos dunha botella de pequeno tamaño de vidro aparecidos na intervención do 2023. De época moderna con aspecto de nácara e de paredes moi delgadas, forma cilíndrica, fondo cónico, con aplique de varela, ombreiro oblicuo, colo cónico e bordo acampanado.

— Época contemporánea: última fase de uso da igrexa, desde finais do século XVIII ata o momento en que foi trasladada de lugar en 1872<sup>5</sup>.

Os restos arqueolóxicos conservados desta fase son os máis significativos. Os materiais atopados, ademais de ser os máis numerosos, son tamén os mellor conservados. Destacan, sobre todos os materiais localizados, as cerámicas de olería popular, das que despois falaremos, e dúas moedas de Fernando VII (figs. 44 e 45) atopadas en contexto durante a campaña do 2022, en depósitos baixo os niveis de pavimento do último momento de uso da igrexa na segunda metade do século XIX.

5 1872, *Asiento de Cuentas de la construcción de la Iglesia Nueva de San Juan de Pena*, 2º Libro de Fábrica, Archivo Parroquial de San Xoán da Pena, Bispado de Lugo.





Fig. 44. Moeda de Fernando VII aparecida na UE016 da intervención do ano 2022. No anverso: cabeza dereita de Fernando VII "2" e, á esquerda, "J". Exergo: 1813. Lenda: FERDIN. 7 D. G. HISP. REX. Ao reverso: Cruz de Don Pelayo con escudo dos Borbóns e cantos de Castela e León, en orla de loureiro.

A primeira destas moedas achouse no depósito UE016, sobre o que se asentaba o último pavimento de lousas da igrexa. Trátase de dous marabedís de Fernando VII (fig. 44), acuñada en *Jubia* (Xubia) no 1813, e que nos aporta un interesante *terminus post quem*, tanto para este depósito como para o pavimento de lousas que se asenta nel, que se trata do último nivel de uso da igrexa.

A segunda delas, aparecida no depósito UE024, tamén por debaixo do último nivel de pavimento da igrexa, trátase igualmente de dous marabedís de Fernando VII (fig. 45), acuñada así mesmo en *Jubia* (Xubia), neste caso un ano máis tarde que a anterior, en 1814.



Fig. 45. Moeda de Fernando VII aparecida na UE024 da intervención do ano 2022. No anverso: cabeza dereita de Fernando VII "2" e á esquerda "J". Exergo: 1814. Lenda: FERDIN. 7 D. G. HISP. REX., a ao reverso: Cruz de Don Pelayo con reverso con escudo de Borbón e cantos de Castela e León, en orla de loureiro.

Durante a sondaxe da campaña do ano 2022, nos depósitos localizados baixo o pavimento da igrexa, no seu último nivel de uso, onde apareceron as dúas moedas de Fernando VII, apareceron moitos restos óseos humanos, posiblemente de tumbas anteriores xa revolatas, e abundantes cravos de ferro en posición secundaria (fig. 46) procedentes probablemente desas tumbas alteradas, xunto a algún fragmento de vidro de ventá (fig. 47) e algún bronce (fig. 48).



Fig. 46. Cravos de ferro aparecidos na UE024.




Fig. 47. Fragmento de vidro dunha ventá aparecido na UE024.





Fig. 48. Peza de bronce con forma de broche ou pasador aparecida na UE024.

Desta última fase da igrexa, o material máis numeroso localizado foi a cerámica, sobre todo do século XX, cando a igrexa xa estaba completamente abandonada, así como tamén abundante vidro, case todas as botellas. Estes materiais do século XX procedían das capas superiores, na mesma capa vexetal, cando esta zona foi convertida nun vertedoiro. Outros materiais, en cambio, son do século XIX, momento en que a igrexa foi abandonada e se cambiou o culto á nova igrexa.

Destacan sobre as demais as producións de olaría popular e de olaría popular vidrada, con formas como barreños, cuncas, xerras, olas, algunha botella e incluso *trébedes*. Dentro do grupo da olaría popular vidrada distinguimos diferentes producións (fig. 49).



Fig. 49. Diferentes producións de olaría popular atopadas durante as intervencións.

Igualmente, localizamos abundantes pratos e cuncas de louza de distintas producións de finais do século XIX e inicios do XX, identificadas grazas aos numerosos selos atopados (fig. 50), entre elas producións da fábrica Ibero Tanagra de Adarzo, Santander; da fábrica de San Claudio, Oviedo; de La Asturiana, Xixón; La Cartuja, Sevilla; e algún selo de produción inglesa sen identificar. Na figura 50 podemos observar algúns exemplos, como o nº 1, que se trata dun fragmento de fondo de prato con marca parcialmente conservada estampada en cor verde no fondo onde se pode ler "GL... LA ASTURIA...", da produción de La Asturiana, Xixón, do século XX. A nº 2 trátase dun fragmento de fondo de prato esmaltado en cor branca con marca estampada en cor verde onde parece lerse "...LLA", posiblemente da produción de La Cartuja, Sevilla, de finais do século XIX ás primeiras décadas do XX. A nº 3 é o perfil completo dunha cunca de forma hemisférica con fondo resaltado e esmalte branco, con marca estampada en cor verde no fondo onde se pode ler "SAN CLAUDIO OVIEDO 12-70" con bandeira cunha F, da produción da fábrica de San Claudio, Oviedo, do século XX. A nº 4 é o perfil completo dunha cunca de forma hemisférica con fondo resaltado e esmalte branco, con marca estampada en cor verde no fondo onde se pode ler "SANTANDER CHINA OPACA", con Coroa Real aberta e dúas bandeiras en forma de T, da produción da fábrica Ibero Tanagra de Adarzo, Santander, industria creada en 1912 e que se dedicou á fabricación de louza fina de pedernal e semiporcelanas ata o ano 1982. A nº 5 son tres fragmentos de fondo de prato con anel resaltado e marca parcialmente conservada estampada en cor verde no fondo onde se pode ler "...SEVIL...", dunha produción de La Cartuja, Sevilla, de finais do século XIX ás primeiras décadas do XX. A nº 6 son varios fragmentos que compoñen o perfil completo dun mesmo prato de louza de esmalte branco con bordo festonado perlado ao interior e decoración, tamén no interior, floral en cor verde, con marca estampada en cor verde no fondo onde se aprecia a distinguir, entre outras letras "...ED TRADE...", probablemente dunha produción inglesa.



Fig. 50. Diferentes producións de louza atopada durante as intervencións.

## Conclusións

Desde o punto de vista patrimonial, hai que destacar que se cumpriron de xeito satisfactorio todos os obxectivos expostos nos proxectos de intervención: a limpeza e roza baixo control arqueolóxico da parcela onde se atopa o xacemento arqueolóxico, xunto coa realización de labores de mantemento nunha superficie aproximada de 700 m<sup>2</sup>; a limpeza especializada dos muros e do interior da antiga igrexa; a retirada de toda a maleza existente na parte superior dos muros; o corte das árbores que provocaban danos estruturais á edificación; a retirada de todas as cachopas do interior da igrexa; a escavación con metodoloxía arqueolóxica dunha área superior aos 50 m<sup>2</sup>, para deixar á vista a planta completa da antiga igrexa (fig. 51), chegando no seu interior ata os restos do pavimento da última fase de uso da igrexa; o levantamento topográfico mediante fotogrametría 3D da área de actuación e o debuxo arqueolóxico das estruturas exhumadas, rexistrados no sistema de referencia de coordenadas ETRS89 coa proxección UTM no fuso 29 (código EPSG 25829); a documentación exhaustiva fotográfica da escavación

arqueolóxica, inclusive a realización de vídeo e fotografía aérea con tomas xerais do xacemento e de detalle dos seus elementos máis significativos e da área de actuación; a diagnose, consolidación puntual e acondicionamento das estruturas arqueolóxicas, garantindo en todo caso unhas condicións de conservación axeitadas para a súa visita (con reforzo dos paramentos, recheos, drenaxes, selado de xuntas, limpeza e consolidación de lucidos); a actualización do panel interpretativo do xacemento arqueolóxico, coa incorporación dos resultados desta última campaña; e, por último, as accións de difusión da actuación realizada (charlas, visitas...) e sobre os valores propios do xacemento arqueolóxico na comunidade local.



Fig. 51. Vista xeral coa planta completa da antiga igrexa.

Igualmente, enriquecéronse en cantidade e calidade os datos históricos cos que contabamos sobre esta antiga igrexa, que quedara no máis absoluto esquecemento desde que a deu a coñecer nos anos 70 do pasado século o grupo DJALIKYAH a través do programa de TV Misión Rescate, a cargo do profesor D. Ricardo López Pacheco e os seus alumnos.

Pensamos que estas actuacións serviron para revitalizar a antiga igrexa de San Xoán da Pena tanto a nivel arqueolóxico e documental como a nivel patrimonial, de xeito que tanto os veciños como os visitantes que pasean pola ruta fluvial do río Miño se poden achegar a visitar estes restos (fig. 52) que, esperemos, non volvan caer no esquecemento.



Fig. 52. Vista xeral do xacemento unha vez rematada a última intervención.

Núñez Rodríguez, M., (1978). *Arquitectura prerrománica*, Historia da arquitectura galega, COAG.

Rielo Carballo, N., (1983). Pena. Lugo. En: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, vol. V: *Pacio-Senande*, Madrid, Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, p. 100.

## Bibliografía

Bartolomé Abreira, R., (2022). *Informe-Memoria Técnica da "Limpeza, documentación e sondaxes valorativas no xacemento arqueolóxico de Adro Vello, San Xoán da Pena (Lugo)*, presentado no rexistro electrónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 2 de novembro de 2022.

Bartolomé Abreira, R., (2023). *Informe-Memoria Técnica da "Escavación arqueolóxica e consolidación do xacemento arqueolóxico de Adro Vello, San Xoán da Pena (Lugo). Campaña 2023"*, presentado no rexistro electrónico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 29 de novembro de 2023.

López Pacho, R., (1979). Vestigios del período prerrománico en la provincia de Lugo. En: *XV Congreso Nacional de Arqueología*, celebrado en Lugo en 1977, Universidad de Zaragoza, pp. 1221-1228.

López Sangil, J. L. e Vidán Torreira, M., (2011). Tumbo Viejo de Lugo (Transcripción completa). En: *Estudios Mindonienses: Anuario de estudios históricos-teológicos de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol*, nº 27, pp. 251-253.

Monreal Jimeno, L. A., (1997). Arquitectura religiosa de oquedades en los siglos anteriores al románico. En: *VII Semana de Estudios Medievales de Nájera*, pp. 235-263.